

# NEGOCIACIÓN DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DE UAPs

*O venres 22 de febreiro chegouse na mesa sectorial a un preacordo condicionado na negociación sobre a regulación de diversas condicións de traballo en Unidades e Servizos de Atención Primaria. Este preacordo, condicionado a que a aplicación retributiva das TIS (en lugar das actuais Cartillas) non provoque perdas económicas en ningún cupo, representa un notable avance sobre as condicións actualmente vixentes para este persoal en materia de intersubstitución, de voluntariedade e do tratamento do traballo ordinario dos sábados.*

*Como en toda negociación, non se acada nesta todo o que inicialmente se quere, si ben despois de case catro meses de conflito e de negociación, e dada a actual correlación de forzas, entendemos que non hai marxe para acadar mellores condicións cas xa consolidadas con este preacordo.*



## CONTIDOS DO PREACORDO CONDICIONADO

MATERIA	CONTIDO	OBSERVACIÓNS
<b>Intersubstitución</b>	<p>Establecese o carácter da intersubstitución como a última opción a utilizar, e nese caso dase preferencia a asignar o cupo do ausente a quen voluntariamente o asuma.</p> <p>Pagase dende o primeiro día de ausencia.</p> <p>Pagase co 100% do valor do cupo e cun mínimo do 70% dos conceptos fixos da retribución do ausente.</p> <p>Na Comisión de Seguimento estableceranse os criterios obxectivos polos que se poda chegar a pagar o 100% tamén das retribucións fixas.</p> <p>Desaparecen os tramos en enfermería, polo que haberá sempre un pago efectivo.</p>	<p>Desaparecen todas as propostas anteriores do Sergas, tanto no sentido de limitar o pago a partir do 4º día como de aplicar o coeficiente reductor de 22/30 para calcular o valor diario do complemento.</p> <p>En promedio das cuantías pagadas actualmente, para facultativos implica pasar dun valor de 30 euros diarios a un mínimo de 67 (87 para os casos en que se recoñeza o 100% de todo o salario), e para enfermería pasar dun valor entre 0 e 5 euros diarios a un mínimo de entre 35 e 51.</p>
<b>Voluntariedade</b>	<p>Faise unha nova oferta de voluntariedade con carácter xeral, na que cada profesional poderá exercer a súa opción.</p> <p>Establecese un incentivo asociado á opción de facer ben 305 ou ben 600 horas. Non hai incentivo si se opta por tramos inferiores ás 305 horas.</p> <p>Optar polo tramo de 305 horas ten un incentivo de 1475 euros, e o de 600 vale 2900.</p> <p>No caso do persoal de Unidades de tarde, o tramo ofertado será de 150 horas, cun incentivo de 725 euros.</p>	<p>O valor do incentivo establece pola diferenza que existe entre o valor actual da hora de garda (19'65 euros) e o valor da xornada complementaria para o persoal de PAC (24'48 euros).</p>

# NEGOCIACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL DE UAPs

	Os incentivos se perciben inda que non se cheguen a realizar todas as horas por causas imputables á Administración. A ninguén se lle pode obrigar a facer máis horas das do tramo incentivado escollido (305 ou 600), e só voluntariamente se poden superar eses límites.	
<b>Sábados</b>	A efectos de xornada máxima, a ninguén se lle poderá impoñer a realización dun número de sábados superior ao actualmente traballado.  A diminución do número de sábados será posible alí onde se poda concentrar a atención, no PAC ou noutro centro que se acorde.	Só na próxima negociación do chamado Acordo Marco poderá abordarse a diminución legal da xornada para todo o persoal do Sergas, e alí veremos si conseguimos dar novos pasos para a definitiva diminución/eliminación do traballo ordinario en sábados.
<b>TIS</b>	Queda pendente a aplicación da adaptación a TIS do pago actual dos cupos por Cartillas.  En todo caso, queda recoñecido que si esa aplicación de TIS non resolve as diferenzas retributivas actuais de Pediatras, Odontólogos, Fisioterapeutas e Traballadores Sociais respecto dos seus homólogos, esas diferenzas deberán resolverse na negociación do Acordo Marco.	Por esta razón de que o impacto das TIS non está inda concretado nin avaliado, o preacordo está condicionado ao seu resultado.  Continuamos sólos na defensa ata o final da revalorización retributiva de Fisios e Traballadores Sociais, o que dificultou concretar máis neste preacordo, anque o compromiso da revalorización retributiva está ahí.
<b>Persoal non sanitario</b>	Crease un grupo de traballo para analizar a situación das plantillas e da provisión das prazas, das retribucións e das funcións do persoal non sanitario das Unidades de Atención Primaria.	O obxectivo dese grupo de traballo é, para nós, ter un espazo onde tratar a situación sempre relegada de todo o persoal non sanitario de primaria, para buscar solucións aos seus específicos problemas.
<b>Outras materias</b>	Complementariamente, inclúense neste preacordo outros compromisos con diferente intensidade. Os que nós valoramos como un paso adiante importante son estes: <ul style="list-style-type: none"> <li>- admítese por primeira vez o recoñecemento de que é posible e necesario debater sobre as condicións que permitan definir en primaria o cupo enfermeiro</li> <li>- queda determinada a preferencia pola creación de novos postos de traballo de enfermería en PAC, nos casos en que as horas non cubertas sumen unha xornada a tempo completo</li> </ul>	

Inda así non está todo o traballo feito, xa que nunca deixaremos de ter que loitar para que os acordos se apliquen correctamente e para conquistar novos dereitos,... e por tanto este preacordo só acadará o seu verdadeiro valor si mantemos a atención para que na súa aplicación as xerencias garantan que os sábados realmente diminúen, que a intersubstitución é realmente residual e que a xestión da voluntariedade incentivada tanto do persoal de UAPs coma dos PACs elimina definitivamente a sombra da ameaza da realización forzosa de gardas permitida polo Estatuto Marco.